

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Aprobación definitiva da modificación do Anexo II do Regulamento de réxime interno da Escola Infantil

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO ANEXO II DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA INFANTIL

O Pleno da corporación, na sesión que tivo lugar o día 17 de marzo de 2016, aprobou inicialmente a modificación do anexo II DO Regulamento de réxime interno da escola infantil de Melide, publicada no BOP núm. 61, de data 1 de abril de 2016, e non sendo presentadas reclamacións durante o período de exposición pública de 30 días, enténdese definitivamente aprobado.

Dita modificación do Regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da LBRL e comezará a aplicarse a partir do día seguinte.

MODIFICACIÓN DO ANEXO II DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA INFANTIL

(...)

BAREMO

1º SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

1.1 Por cada membro da unidade familiar	2 puntos
1.2. Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea a cargo dela	1 punto
1.3. No caso de que o/a neno/a para o que se solicita a praza nacera nun parto múltiple	1 punto
1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2 puntos
1.5. Pola condición de familia monoparental	3 puntos
1.6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais	6 puntos
1.7. Pola condición de familia numerosa	3 puntos
1.8. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas	ata 3 puntos

2º SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

2.1. Situación laboral de ocupación:

-Nai	7 puntos
-Pai	7 puntos

2.2. Situación laboral de desemprego(1):

-Nai	2 puntos
-Pai	2 puntos

2.3. Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga):

-Nai	3 puntos
-Pai	3 puntos

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de apertura do prazo de presentación de solicitudes, agás no caso de solicitudes presentadas fóra de prazo en que se valorará con efectos do día anterior ao da presentación.

No caso de familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

3º SITUACIÓN ECONÓMICA

R.PC. mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

- Inferior ao 30% do IPREM	+4 puntos
- Entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM	+3 puntos
- Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM	+2 puntos
- Entre o 75% e inferior ao 100 % do IPREM	+1 punto
- Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM	- 1 punto
- Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM	- 2 puntos
- Entre o 150% e o 200% do IPREM	- 3 puntos
- Superior ao 200% do IPREM	- 4 puntos

· No caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa e despois as de xornada completa con servizo de comedor sobre as solicitudes de media xornada

· Para efectos desta orde están a cargo da unidade familiar as persoas que convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

· No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes 2º e 3º do baremo.

· No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar

(...)

Melide, 24 de maio de 2016

A Alcaldesa

Dalia García Couso

2016/4286